

#### 4.1 PROXECTOS DE FORMACIÓN EN CENTROS (ABALAR). 2013–2014

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable da planificación da formación do profesorado, prevé a convocatoria de proxectos de formación en centros (Abalar) para o profesorado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2013–2014. Esta modalidade está dirixida a propiciar e facilitar a innovación e a mellora da práctica docente nas aulas Abalar, no propio centro educativo, co obxectivo de:

*Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado para o desenvolvemento do proxecto Abalar.*

En consecuencia, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento desta formación nos propios centros docentes, procede facer pública a oportuna convocatoria de acordo coas seguintes bases:

##### Primeira. Obxecto

Convocar proxectos de formación para centros con aulas Abalar que atenda aos obxectivos e temática do proxecto Abalar para propiciar a incorporación das tecnoloxías da comunicación na aula.

##### Segunda. Destinatarios

Poderán participar os centros educativos sostidos con fondos públicos adscritos á Rede Abalar. Deberán participar polo menos os dous terzos do profesorado que imparta docencia nas aulas Abalar.

##### Terceira. Duración

A duración do proxecto de formación será dun mínimo de 30 horas e un máximo de 50 durante o curso académico 2013–2014. As sesións de docencia ou traballo do grupo terán unha duración mínima de dúas horas e máxima de catro horas.

O 25% do total das horas poderán computarse como tempo de traballo individual e a asignación do mesmo deberá constar nas actas das sesións de desenvolvemento.

##### Cuarta. Preinscripción, solicitude e prazos

Os centros educativos interesados deberán facer a súa preinscripción a través da aplicación informática Fprofe (<https://www.edu.xunta.es/fprofe> <“GT, Seminario, PFC, PFFP”>) dende a publicación do plan ata o **11 de outubro de 2013**. Non será tida en conta outro tipo de preinscripción.

Unha vez presentada a preinscripción as persoas asesoras do CAFI ou CFR poranse en contacto co centro para orientar na confección do proxecto.

Elaborado o proxecto, o centro fará a solicitude de participación tamén a través de FPROFE e en soporte papel conforme ao *anexo I*. A data límite é o **31 de outubro de 2013**.

##### Quinta. Documentación

###### a) ANEXO I. Solicitud de participación

O número de participantes será proporcional e representativo do claustro, e nunca menor de 10 persoas, agás no caso dos centros de menos de 20 profesoras e profesores, nos que a comisión de selección poderá reducir de xeito extraordinario o número mínimo de participantes.

Deberán figurar polo menos os dous terzos do profesorado que imparta docencia nas aulas Abalar.

###### b) Certificación de que foi informado o claustro.

Esta documentación (a,b) entregarásen en rexistro dos CFR ou CAFI, en papel debidamente selado e assinado.

c) Proxecto seguindo o guión do ANEXO II.

Deberá subirse a aplicación de Fprofe no momento de facer a solicitude

([<https://www.edu.xunta.es/fprofe>](https://www.edu.xunta.es/fprofe) “GT, Seminario, PFC, PFFP”).

#### Sexta. Comisión de selección

A selección será realizada en cada CFR/CAFI por unha comisión integrada por:

- O Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado ou persoa en quen delegue para o CAFI; e no caso dos CFR o inspector ou inspectora correspondente, que actuará como presidente.
- O director ou directora do CAFI/CFR.
- O secretario ou secretaria do CAFI/CFR, que actuará como secretario ou secretaria da comisión.
- Dúas persoas asesoras de formación propostas pola dirección do centro.

Son *funcións* da comisión de selección:

- Seleccionar e aprobar os proxectos presentados que cumpran os requisitos e criterios establecidos na presente convocatoria.
- Velar para que se cumpran as condicións establecidas na aprobación definitiva.
- Resolver sobre a continuidade daqueles proxectos dos que do seguimento se deduza que non se axustan ás condicións de aprobación.
- Informar á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da marcha dos diferentes proxectos de formación en centros, cando sexa requerido por esta.
- Avaliar e proponer a certificación da formación dos participantes unha vez concluído o proxecto, entregada a memoria final e valorada positivamente.

#### Sétima. Selección dos proxectos

A comisión de selección, no prazo de 20 días naturais a partir do seguinte ao de finalización do prazo de presentación, unha vez analizadas as solicitudes recibidas e os informes elaborados polos asesores e asesoras responsables do proxecto, realizará a selección e aprobación dos proxectos de formación Abalar que, cumprindo os requisitos mencionados na base quinta desta convocatoria, se axusten aos seguintes criterios:

- Relación coas temáticas propostas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Coherencia entre obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e procesos de avaliación, así como concreción de todos os aspectos citados.
- Relevancia innovadora do proxecto e repercusión na práctica do centro educativo.
- Adecuación da metodoloxía proposta.
- Viabilidade do plan de traballo previsto.
- Adecuación e coherencia na proposta de organización temporal e dos recursos humanos e materiais.

#### Oitava. Resolución da convocatoria

A resolución da convocatoria, coa relación de proxectos aprobados, denegados e excluídos, farase pública no taboleiro de anuncios do CFR/CAFI e mesmo na web, comunicándollo por escrito á persoa coordinadora de cada un dos proxectos. No caso dos proxectos excluídos ou denegados, figurarán explicitamente as causas correspondentes.

Contra esta resolución, os centros interesados poderán presentar as oportunas alegacións no CAFI/CFR perante o presidente ou presidenta da comisión de selección no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Con carácter xeral, unha vez resolta a convocatoria non se admitirán modificacións na relación de participantes.

#### Novena. Dotación e xestión económica

O proxecto contará cun orzamento para o seu desenvolvemento, polo que virá acompañado da correspondente proposta, segundo os seguintes conceptos:

- A docencia, que poderá ser impartida por profesorado con destino no centro, acadará como máximo o 40% do total das horas previstas para desenvolver o proxecto.
- Material funxible e bibliografía: non hai orzamento neste concepto.
- Desprazamentos.

En todo caso, a dotación económica do proxecto de formación Abalar non poderá exceder dos 1.000 euros e deberá constar expresamente que non se recibiu nin se solicitará ningunha outra axuda económica.

#### Décima. Coordinación e asesoramento

A persoa coordinadora do proxecto terá, entre outras, as seguintes funcións:

organizar o traballo do grupo, convocar, dirixir e comprobar a asistencia ás reunións, coordinar a avaliación do proxecto, así como a elaboración dos materiais e a presentación da memoria final. Para iso levantará acta, no programa de xestión ([www.edu.xunta.es/fprofe](http://www.edu.xunta.es/fprofe)), das reunións de traballo que se celebren no desenvolvemento do proxecto, así como todos aqueles formularios e documentos requiridos polo Sistema de Xestión da Formación do Profesorado ([www.edu.xunta.es/fprofe](http://www.edu.xunta.es/fprofe)).

A persoa coordinadora dos proxectos Abalar será o coordinador/a Abalar do centro.

O CAFI ou CFR ofrecerá apoio e asesoramento. Para tal efecto, a persoa asesora responsable asistirá ás sesións de traballo do grupo que considere oportunas e especialmente aos relatorios impartidos por persoas expertas alleas ao centro.

Así mesmo, a persoa asesora será a responsable da selección e proposta das persoas expertas externas que poderán participar tanto na elaboración do proxecto escrito e no desenvolvemento del, como impartindo os módulos formativos acordados, segundo os casos, así como no proceso de avaliación final do proxecto.

#### Décimo primeira. Seguimento

Correspónelle á comisión de selección prevista na base sexta o seguimento do desenvolvemento do proxecto.

A persoa asesora responsable de cada proxecto elaborará un informe de seguimento antes das reunións da comisión de selección.

#### Décimo segunda. Documentación a entregar ao finalizar a actividade

A persoa coordinadora do proxecto presentará unha memoria final ao remate do proceso axustada ao modelo do *Anexo III* desta convocatoria. Esta será entregada en soporte informático utilizando a aplicación Fprofe.

Tamén se debe entregar a documentación seguinte:

- Relación detallada dos materiais didácticos elaborados e dos documentos que se entregan, tanto sexan en soporte papel como informático (soporte papel).

- Folla de sinaturas de cada sesión de traballo (soporte papel).
- Acta de resumo final asinada polo coordinador ou coordinadora e co visto e prace da xefatura de estudos. Deberá incluír o nome e apelidos, o DNI, o NRP, as horas de traballo do profesorado que participou con regularidade no proxecto de formación, e a súa sinatura (soporte papel).
- Materiais elaborados, incluíndo unha copia nun formato editable. Estes materiais entregaranse mediante a aplicación Fprofe.

A data límite de entrega desta documentación no Centro de formación e recursos correspondente será o **30 de maio de 2014**.

A non realización e entrega da memoria final, no prazo sinalado nesta convocatoria, poderá ser causa de revogación da axuda concedida e librada, coa obriga de reintegrar a cantidade percibida e suporá a non certificación da actividade.

#### Décimo terceira. Avaliación final

A avaliación de cada proxecto será competencia da comisión de selección. As persoas asesoras responsables de cada proxecto deberán elaborar un informe final relativo ao desenvolvemento do mesmo e da memoria final presentada.

A comisión de selección contará con estos informes para avaliar a memoria final e proporlle á dirección do CAFI/CFR o número de horas acordadas para cada proxecto, para os efectos de certificación.

Non poderá propoñer para a certificación ao profesorado que non asistise ao 85% da duración do proxecto, segundo a lexislación vixente.

#### Décimo cuarta. Certificación

A dirección do CAFI/CFR correspondente expediralle ao profesorado participante o certificado acreditativo da súa participación no proxecto de formación en centros, sen superar en ningún caso un máximo de 50 horas. Ás persoas coordinadoras dos proxectos poderáselles certificar ata un 30% mais das horas totais do mesmo.

Ademais, nos Proxectos de Formación (Abalar), se unha persoa participante ou coordinadora actuara tamén como relatora, a expedición dos correspondentes certificados axustarase á normativa vixente.

#### Décimo quinta. Difusión e publicación de materiais

Os materiais elaborados nos diferentes proxectos poderán ser difundidos pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a través da rede do CAFI/CFR e do portal educativo.

Se o centro educativo decide publicar os materiais, deberá axustarse á normativa vixente, tanto na orixinalidade dos materiais como no uso das imaxes. Deberá, tamén, facer constar que tivo subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e incluír o logotipo.

Para obter o logotipo: <http://www.xunta.es/composicion-con-presidencia-e-consellerias>

Os materiais elaborados estarán suxeitos á *licenza creative commons by-sa*.



Recoñecemento - Compartir igual (by-sa):

Permitese o uso comercial da obra orixinal e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licencia igual á que regula a obra orixinal.

Para máis información: <http://www.edu.xunta.es/web/node/2562>

## ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

1. Título do proxecto de formación e asesoramento en centros:

--

2. Centro:

Nome do centro:		
Enderezo:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:	Teléfono:	
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	
Tipo de centro:	Público: <input type="checkbox"/>	Privado concertado: <input type="checkbox"/>
Número total de profesorado do centro:		
Número total de profesorado que podería estar implicado:		
Número total de profesorado que solicita participar no proxecto:		

3. Persoa coordinadora:

Apelidos e nome:	<i>Sinatura</i>
Especialidade:	
NIF:	
Correo electrónico:	@edu.xunta.es

4. Compoñentes do proxecto de formación e asesoramento en centros que manifestan que cumpren os requisitos da convocatoria e non incorren en ningunha das incompatibilidades establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Nº	Apelidos, nome/ Especialidade	NIF	Centro de destino/ correo electrónico	Sinatura
1			@edu.xunta.es	
2			@edu.xunta.es	
3			@edu.xunta.es	
4			@edu.xunta.es	
5			@edu.xunta.es	
6			@edu.xunta.es	
7			@edu.xunta.es	
8			@edu.xunta.es	
9			@edu.xunta.es	
10			@edu.xunta.es	
11			@edu.xunta.es	
12			@edu.xunta.es	

SOLICITA participar na convocatoria de proxectos de formación en centros do Centro de Formación e Recursos, para o curso académico 2013-2014.

\_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

O/A xefe/a de estudos

Vº, e prace

O/A director/a do centro  
(sinatura e selo)

Asdo: \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

Dirección do CAFI ou Centro de Formación e Recursos \_\_\_\_\_

**ANEXO II. GUIÓN E TEMÁTICAS PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO****A. GUIÓN**

1. Título do proxecto.
2. Xustificación, que deberá contemplar, entre outros, os seguintes aspectos:
  - Punto de partida do centro no referente ao desenvolvemento do traballo (contexto, formación e experiencia previa no tema obxecto do traballo).
  - Detección de necesidades para a identificación da área de mellora.
  - Autoavalíação da práctica educativa da que se parte. Implicación da comunidade educativa.
  - Importancia do proxecto para a práctica pedagógica, organizativa e de funcionamento do centro.
3. Obxectivos de formación e de repercusión na práctica docente.
4. Programa de contidos e actividades coa súa temporalización.
5. Metodoloxía que se pretende seguir e procedementos de traballo previstos.
6. Organización de recursos humanos e materiais.
7. Establecemento de criterios e procesos para a avaliación dos diferentes aspectos do proxecto e da súa repercusión na práctica educativa referentes, polo menos, aos seguintes aspectos:
  - Análise e valoración das producións do grupo e da docencia recibida.
  - Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.
  - Metodoloxía empregada.
  - Grao de satisfacción do grupo co traballo realizado.
  - Organización dos recursos humanos e materiais.
  - Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto no centro.
  - Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.
8. Temporalización: calendario e horario previstos para a realización do proxecto.
9. Necesidades orzamentarias, de acordo co establecido na base novena da convocatoria.
10. Indicación expresa de que para este proxecto de formación en centros non foi recibida ningunha outra achega económica e que non se ten solicitada.

**B) TEMÁTICAS**

- Organización e liñas de actuación para a integración das TIC nas aulas (implicacións do profesorado, do alumnado, do resto de persoal do centro, emprego de recursos, disposición espacial das aulas, protocolos, etcétera)
- Emprego da metodoloxía de proxectos
- Encerado Dixital Interactivo (EDI): uso e elaboración de recursos didácticos para o emprego na aula.
- Incorporación de boas prácticas educativas que usen as TIC como experiencias de aula.
- Elaboración de actividades facendo uso do software que se inclúe no equipamento Abalar.
- Elaboración de actividades facendo uso das ferramentas educativas da Web 2.0.
- Emprego de ferramentas colaborativas, tanto de aplicación directa na aula como para compartir materiais e experiencias co resto dos compañeiros.
- Emprego de contidos dixitais educativos do Espazo Abalar e outros repositorios, e creación de novos contidos educativos dixitais mediante o uso de ferramentas de autor.
- Clasificación de recursos de interese para a docencia.
- Emprego didáctico das webs dinámicas dos centros (aulas virtuais, portal do centro).
- Elaboración de “Aventuras na Web”.
- Establecemento de estratexias para dinamizar as TIC no centro.

**ANEXO III. MEMORIA FINAL**

1. Introdución.
2. Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial, se é o caso.
3. Consecución dos obxectivos:
  - Obxectivos propostos.
  - Obxectivos acadados ao final do proceso.
  - Obxectivos non acadados
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas.
5. Criterios e procesos de avaliación empregados.
6. Conclusións: logros e incidencia no centro.